

Memorias dun neno labrego: a forxa dun longseller

Iolanda Galanes Santos¹

Recibido: 31 de marzo de 2016 / Aceptado: 13 de outubro de 2016

Resumo. A obra *Memorias dun neno labrego* de Xosé Neira Vilas, considerada o bestseller da literatura galega, foi obxecto de diversas clasificacións desde a súa primeira edición ata hoxe. O obxectivo xeral da nosa contribución é afondarmos na literatura da emigración e coñecer o seu significado para o sistema literario galego, a través do estudo da peripécia do autor e da obra en contexto, así como da súa recepción. Un segundo obxectivo é poñer o foco nos procesos de produción e edición dunha obra literaria galega exitosa no tempo e cun percorrido internacional. A metodoloxía de estudo é a análise sistemática dos peritextos das edicións da obra, da inxente correspondencia epistolar do autor e da crítica literaria para, a través da súa recepción, debullar o(s) significado(s) que a obra adquiriu nestes cincuenta e cinco anos. Este percurso ofrece datos que nos levan a concluír que *Memorias* é unha obra de emigración, de longo percorrido (*longseller*). O noso traballo, alén de compilar información crítica, achega novos datos sobre dous proxectos editoriais singulares (Follas Novas e Rúa Nova) que a incluíron ou proxectaron incluíla no seu catálogo.

Palabras chave: Neira Vilas; longseller; obra literaria representativa; literatura de emigración; literatura galega; socioxía cultural.

[es] *Memorias dun neno labrego: la forja de un longseller*

Resumen. La obra *Memorias dun neno labrego* de Xosé Neira Vilas, considerada el bestseller de la literatura gallega, ha sido objeto de diversas clasificacións desde su primera edición hasta hoy. El objetivo general de nuestra contribución es ahondar en la literatura de la emigración y su significado para el sistema literario gallego, a través del estudio de la peripécia del autor y de la obra en contexto, así como de su recepción. Un segundo objetivo es poner el foco en los procesos de producción y edición de una obra literaria gallega muy exitosa en el tiempo y con recorrido internacional. La metodología de estudio es el análisis sistemático de los peritextos de las ediciones de la obra, de la ingente correspondencia epistolar del autor y de la crítica literaria para, a través de su recepción, desgranar el/los significado(s) que la obra ha adquirido en estos cincuenta y cinco años. Este recorrido ofrece datos que nos llevan a concluir que *Memorias* es una obra de emigración, de largo recorrido (*longseller*). En nuestro trabajo, además de recopilar información crítica, contribuimos con nuevos datos sobre dos proyectos editoriales singulares (Follas Novas y Rúa Nova) que la incluyeron o proyectaron incluirla en su catálogo.

Palabras clave: Neira Vilas; *longseller*; obra literaria representativa; literatura de emigración; literatura gallega; sociología cultural.

[en] *Memorias dun neno labrego: the Making of a Longseller*

Abstract. The work *Memorias dun neno labrego* (Memoirs of a Peasant Boy) by Xosé Neira Vilas, considered as the best seller of the Galician literature has been subject to several classifications from its first publication to the present. The general objective of this paper is to delve deep into emigration literature in order to ascertain its significance for the Galician literary system, through a study of the author's journey and of the work in context, as well as its reception. A second objective is to look at the processes of production and edition of a Galician literary work that has become successful internationally and over time. The study methodology consists of the systematic analysis of the peritexts of the published work, of the inherent postal correspondence of the author and of the literary criticism in order to ascertain, through the reception of the work the significance gained over the past fifty-five years. This journey offers information which leads us to conclude that *Memoria* is a work about emigration, a longseller. Besides compiling critical information, this study throws new light on two singular publication projects (Follas Novas and Rúa Nova) which included it or intended to include it in their catalogue.

¹ Universidade de Vigo, Departamento de Tradución e Lingüística.
E-mail: iolag@uvigo.es

Keywords: Neira Vilas; Longseller; Representative Literary Work; Emigration Literature; Galician Literature; Cultural Sociology.

Sumario. 1. Introducción. 2. Neira Vilas e a cultura emigrante galega. 3. Literatura e emigración. 3.1. Contexto porteño e exilio interior. 3.2. Literatura da emigración. 4. Produción e difusión de *Memorias dun neno labrego*. 4.1 Follas novas. 4.2. Rúa Nova. 4.3. Edicións do Castro. 5. Intención e interpretación de *Memorias dun neno labrego*. 6. Conclusións. 7. Referencias bibliográficas.

Como citar: Galanes Santos, I. (2017): “*Memorias dun neno labrego: a forxa dun longseller*”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 20 (Núm. especial), pp. 113-126.

1. Introducción

A globalización económica e cultural de fins do século XX e a mercantilización dos bens culturais implicou a introdución de termos comerciais, como *bestseller* ou *longseller*, na crítica literaria. Sen entrarmos na súa calidade literaria e impacto, énos pertinente distinguir entre *bestseller* e *longseller* para coñecermos en cal das categorías cabería encadrar *Memorias dun neno labrego* de Xosé Neira Vilas.

Nos proemios á obra de Alonso Montero esta recibe a cualificación de “*obra máis lida da literatura galega*” ou *bestseller* en moitas outras fontes (por exemplo, Vilavedra en Son 2001: 177). Agora ben, de analizarmos as súas características intrínsecas e a súa intensiva comercialización hoxe, detectamos algúns trazos que a singularizan coma un *longseller*.

A relación entre calidade literaria e vendas trátase amplamente en López de Abiada e Peñate (1996), que nos ofrece unha definición de *longseller* como “el libro que se vende de manera regular durante muchos años (al contrario que la mayoría de los libros, cuyo destino queda decidido después de pocos meses)” (1996: 51). Nela figura tamén unha taxonomía de López Molina (1996: 101), que distingue entre obras de tipo A, B e C, que se correspondería con *bestseller*, *longseller* e *clásico*, cuxa clasificación tamén é mutable no tempo. As obras de tipo B permiten unha dobre lectura,

ao estaren orientadas asemade a un lector trivial e a un lector adestrado e engade:

Tendríamos así una literatura valiosa y compleja con un componente de facilidad (= amabilidad) (...) El componente de amabilidad explica el éxito pasajero y multitudinario; la complejidad más allá de aquélla, la lectura más distanciada en el tiempo y más penetrante. La obra, en este caso, empieza a resistir la evaporación de sus contextos, lo que es conato, atisbo de posible perduración. (1996: 102)

É unha definición que lle acae á perfección á obra que nos ocupa, como veremos, non sen tratarmos antes o seu proceso de produción como obra de emigración.

2. Neira Vilas e a cultura emigrante galega

O estudo da cultura da emigración ten en Xosé Neira Vilas un dos seus principais valedores. Para alén da súa obra literaria, na ensaística recupéranse para a historia da cultura galega noticia e publicacións da emigración. En Cuba realizou esta pescuda entre 1969 e 1992 no seo da Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística da Habana, da que é fundador. Esta investigación é o alicerce de varias das súas publicacións, así como dos seus estudos sobre a relación de Rosalía, Murguía e Castela coa comunidade emigrante da illa. Desde a súa condición inicial de emigrante, en Bos Aires e logo en Cuba, reconstrúe a pegada da emigración galega en América. Fai fincapé na actividade cultural galega nestes dous países e fornece informacións sobre prensa, emisión radiofónicas e libros editados en Montevideo, México ou Venezuela².

De toda a actividade cultural galega en América, a que reviste máis importancia é a desenvolvida en terras arxentinas. A súa singularidade derívase do prolongado período de migración, do volume da colectividade porteña, alén do seu dinamismo.

Créanse editoriais galegas; editanse obras clásicas da nosa literatura e obras de recente creación

² Un bo resumo desta actividade cultural das colectividades figura na súa conferencia inaugural do Congreso de Escritores de Galeuzka de título “Literatura galega en América” (Neira Vilas 2006a: 9-19). Sirvan de exemplo deste labor a localización e estudo de 71 publicacións periódicas editadas en Cuba (Neira Vilas 2010a: 36), 49 en Arxentina (Neira Vilas 2001: 31) ou 26 en Uruguai (Neira Vilas 2006a: 10).

que non poden publicarse na Galicia territorial por causa da censura; organizanse feiras do libro; mostras do libro e do xornalismo galego; xorden agrupacións xuvenís, concursos literarios e musicais; un Congreso da Emigración Galega (que Castelao suxerira para conmemorar o centenario do Banquete Democrático de Conxo); exposicións de artes plásticas; a Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas (que ofrece clases de historia, lingua, literatura e xeografía do noso país e ten como profesores a Dieste, Blanco Amor, Valenzuela ou Vilanova). Seoane edita a revista *Galicia Emigrante*; hai un concurso anual no Colexio Nacional de Buenos Aires para estudantes arxentinos que investiguen sobre os galegos na Patagonia. Audiacións radiais, novos xornais e revistas, unha distribuidora do libro galego, unha Asociación Arxentina de Fillos de Galegos. Todo isto e moito máis lévase a cabo naqueles anos. (Neira Vilas 2006a: 79)

Aínda que outros intelectuais, como Luis Seoane ou Blanco Amor, presentan unha imaxe menos entusiasta da actividade cultural e da colectividade emigrante, o certo é que foi quen de atraer a atención tamén de intelectuais autóctonos³, sexan ou non de ascendencia galega. De entre eles Neira Vilas (2001: 19) cita o poeta Eduardo José Bosco e Víctor Luis Molinari, do que el mesmo traduciu ao galego *Itinerario galego*. Así como, José González Carbalho, que publicou un libro de cancións para Rosalía de Castro, e Francisco Luis Bernárdez que escribiu en galego poemas e artigos, alén dun manifesto en defensa do idioma⁴. A esta nómina cabería engadir a figura de Elsa Fernández, sobre a que volveremos máis adiante, que é

autora de dúas obras poéticas, *Escolma*, finalista do premio Brais Pinto de 1961⁵ e a editada por Alén mar postumamente *Lonxanía* (1965), con poemas en galego e en español⁶.

A propósito deste colectivo galego e da súa heteroxeneidade, Alonso Montero (1995: 94-100) tenta caracterizar a intelectualidade do momento e distingue entre: exiliados; escritores residentes alá antes do 18 de xullo de 1936; intelectuais que emigran; escritores arxentinos descendentes de gallegos; emigrantes que se fan escritores en Bos Aires; e fillos de gallegos, alumnos de escritores galegos exiliados, e emigrantes. Calquera que sexa a condición é indubidable a achega dos exiliados que teñen nas persoas de Castelao, Luís Seoane, Arturo Cuadrado, Lorenzo Varela ou Ramón de Valenzuela, entre outros⁷, un impulso fundamental.

Aínda que ambos os sectores (emigración e exilio) se retroalimentan as súas relacións non sempre foron harmoniosas (Villares 2010: 28-32); pois parten de experiencias vitais e culturais diferentes. A este propósito Axeitos (1999: 8) afirma que: “Esta confluencia emigración-exilio en terras americanas explica la constante tendencia del poder dominante a querer presentar ambos os fenómenos como un proceso histórico unitario. Y que los propios exiliados, por el contrario, diferencian con nitidez”.

A condición de Neira Vilas en Arxentina é a de emigrante e asemade alumno dos exiliados (Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas, AGUEA). Mantivo tamén un forte activismo nas colectividades emigrantes galegas. É no período bonaerense cando Neira

³ Como Jorge Luís Borges que participa nos Xogos Frorae do Idioma Galego de 1968 (Rodríguez Fer 2008: 25). A súa actuación resulta relevante na descuberta dalgúns dos valores literarios arxentinos como os primeiros relatos de Cortázar en *Correo Literario* (Salgado 2008: 14), as súas traducións para a editorial Nova (Salgado 2008: 22). Tamén é de orixe galega Francisco Porrúa, editor de García Márquez ou de Tolkien, se ben non se identifica co colectivo emigrado ou exilado porteño (Franco 2008: 81).

⁴ Sobre o autor resulta de referencia o volume colectivo recentemente publicado, en 2015, polo Pen club de Galicia, así como a conexión coa diáspora galega en Madrid (Acuña 2014: 48).

⁵ Esta referencia foi fornecida por Neira Vilas e así figura na monografía en que se trata por extenso a diáspora galega en Madrid (Acuña 2014: 102) con entrevistas aos integrantes de Brais Pinto.

⁶ Unha semblanza desta autora e do significado da súa figura en relación co exilio interior pódese consultar na introdución deste volume póstumo, entre outros, de Basilio Losada e tamén no Álbum da emigración (<http://www.culturagalega.org/albumdaemigracion/detalle.php?id=66> [consulta: 17/2/2015]). Do amor por Galicia de Molinari e de Elsa Fernández, así como doutros axentes da emigración, dános noticia Neira Vilas 1995: 241-246 e 85-91, respectivamente.

⁷ De feito dá cumprida noticia do colectivo de exiliados na súa intervención no Congreso internacional sobre o exilio galego (Neira Vilas 2006b). Unha relación de mestres e académicos galegos exiliados en todo o mundo pode consultarse en Costa 2004.

adquire a formación que o levará a ingresar no panorama das letras galegas, ata o punto de que Axeitos nos presenta a catarse do autor:

(...) teremos que situarnos arredor de 1949, cando en realidade comeza a biografía de Neira Vilas. Tal mutilación, que lle está a furtar algo máis de vinte anos de vida a Neira Vilas, ten a súa explicación no feito de que ata esa data central da súa biografía Xosé chamábase en realidade Balbino. (Axeitos 2011: 35-36)

Trátase pois dunha figura a medio camiño, en palabras de Pérez Rodríguez (2015: 499): “Eduardo Blanco-Amor y Xosé Neira Vilas, en puridade, son republicanos galeguistas asentados en Bos Aires, non refuxiados”. Noutros casos amplíase a nómina, e así Axeitos (2011: 39) acuña o termo “segundo exilio” para referirse á relación que se establece entre Neira Vilas, Díaz Pardo e os exiliados galegos ao ter en conta que os dous primeiros (ou tamén Ramón Valenzuela) tomaron a decisión de abandonar o país non por motivos estritamente políticos, mais comparten o clima de resistencia moral dos exiliados en Bos Aires.

Convén tamén sinalar que Neira Vilas se considera a si mesmo *emigrante* (polo menos ata 1973, véxase carta a Díaz Pardo do 22/2/1973, Neira 2014b: 292) e consagra á emigración boa parte da súa produción intelectual, especialmente a narrativa (Vilavedra 2011: 53). A partir do seu período cubano comezará a autodenominarse *transterrado*, sen deixar de interesarse pola emigración galega na illa. Por iso, neste traballo centramos a nosa ollada na literatura da emigración, que serve de marco de produción á primeira obra narrativa de Xosé Neira Vilas (*Memorias dun neno labrego*).

3. Literatura e emigración

3.1. Contexto porteño e exilio interior

O impacto que o feito migratorio, especialmente o arxentino, ten no discurso literario galego é considerable. Unha das claves da súa relevancia é o contraste coa escura situación que se vive na Galicia territorial despois da guerra civil. A partir desa data sumarase a achega da intelectualidade exiliada a unha comunidade emigrante xa asentada (Fernández Rodríguez 2014). De modo que, en sentido amplo, poden considerarse literatura da emigración as múltiples iniciativas editoriais galegas no exterior (p.e. en Bos Aires) e a súa rica conexión co tecido cultural galego da metrópole, naquela altura, en fase de reconstrución.

O produto desa colaboración é un intenso labor de mecenado cultural guiado polo capital intelectual exiliado, que non era posible desenvolver en Galicia. Lémbrese que nesa altura o Centro Galego de Bos Aires destina o 2% do seu millonario orzamento a actividades culturais como a publicación de libros, a organización de conferencias e de concursos literarios (Neira Vilas 2001: 23). As Edicións Galicia deste centro estarán dirixidas na década de 1950 polo exiliado Luis Seoane, que é ademais iniciador, xunto con Arturo Cuadrado, de varios proxectos editoriais privados⁸. Tanto neste centro galego coma no de Montevideo organizábanse periodicamente concursos literarios aos que concorían autores/as da terra. Estas obras publicábanse posteriormente, xunto con outros títulos fóra de concurso, esta edición americana supuña sortear a censura vixente na península⁹. A entidade das autoridades dá idea da importancia da emigración no sostemento da cultura galega no século XX. En palabras de Vilavedra e Lamas (2001: 281):

⁸ Na editorial Losada (1939), en Emecé Editores (1940), na Editorial Nova (1944), Editorial Botella al Mar (1948), na Editorial Citania (1956).

⁹ Nesa categoría entraría a edición de obra en Bos Aires de autores como Ramón Otero Pedrayo (*O libro dos amigos*, 1953; *Las ciudades gallegas*, 1951), Carro (*Catedrales gallegas*), Manuel María (*Advento*, 1954; *O xornaleiro e sete testemuñas máis*, 1971); Pura Vázquez (*Maturidade* 1955), Leandro Carré ou Francisco Fernández del Riego (*Danzas populares gallegas*, 1950), Sebastián Martínez-Risco (*Conferencias encol de Castelao*, 1977), Filgueira Valverde (*Artesanía de Galicia*), ou compilacións como da obra de Antón Villar Ponte (*Pensamento e sementeira*) ou a *Obra completa* de Ramón Cabanillas. No Patronato da Cultura Galega de Montevideo vén a luz obras de Xosé Luis Méndez Ferrín (*Antoloxía popular*, 1972), Manuel María (*Versos para cantar en feiras e romaxes*, 1969; *In-forme pra axudar a alcender unha cerilla*, 1973), Xosé Núñez Búa (*Revoeira: homes, feitos, verbas*, 1971) ou do propio Xosé Neira Vilas (*Historia de emigrantes*, 1968).

“A partir de 1936 y durante algunas épocas la capital del Plata está presente en la mayoría de los libros gallegos como lugar de edición”. O panorama asociativo e empresarial complétese con outros selos editoriais como Alborada, As Burgas, Ánxel Casal, Lárez, Nós, Follas Novas, Rueiro, Muxía, Alén-Mar, Miño, Arsnovos, Cuco-Rei etc. Todos eles evidencian que existía un sólido proxecto cultural galego en Bos Aires vinculado á emigración.

Debemos advertir que este panorama responde á idílica imaxe que Neira Vilas nos ofrece da etapa bonaerense (Neira Vilas 2001), mais sabemos que ese esforzo editorial e cultural, financiado polas colectividades, non sempre contou cunha resposta positiva do público emigrante e non sempre acadou o éxito comercial esperado (Gerhardt 2015: 465), o que concorda tamén coas palabras de queixa de Celso Emilio Ferreiro na súa experiencia venezolana en carta a Neira Vilas¹⁰. Pola súa vez, o propio Seoane é crítico cos emigrantes, como nos relata Villares:

Era un fardel cultural moi notable que, secomasí, apenas tiña destinatario no seo da colectividade dos emigrados, que pouco ou nada se interesaban por actividades culturais, a vulgar polas continuas queixas de Seoane sobre a incuria cultural dos centros da colectividade. (Villares 2010: 24)

O proxecto cultural emigrante é equiparable ao que se comezou a construír en Galiza a partir de 1950 e do que son partícipes tanto a editorial Galaxia, como outras iniciativas culturais (Benito Soto, Bibliófilos gallegos etc.). Pola correspondencia de Seoane con Francisco Fernández del Riego (carta do 13/6/1951)¹¹ coñecemos ese paralelismo. Seoane non pode

evitar ollar con envexa a vizosidade dos proxectos galegos, malia as circunstancias adversas, pois xa en 1951 sentía o fracaso dos proxectos de alén mar. Cómpre, con todo, salientar que un proxecto non sería viable sen a existencia do outro, non podemos esquecer que Galaxia, fundada en 1950, tiña tamén accionariado en América e realizábanse subscricións de capital para as edicións máis custosas.

As relacións entre o colectivo de emigrantes e o de exiliados en Bos Aires non estiveron exentas de tensións, como tampouco as establecidas entre os exiliados e o interior. Entre as principais cuestións de disenso están, dunha banda, a conveniencia de adoptar unha estratexia asemade política e culturalista ou exclusivamente culturalista. E polo outro, a posición central (e polo tanto dominante) de Galaxia no sistema cultural¹².

O noso autor escapa a calquera conflito entre ambos os colectivos, por pertencer a unha xeración posterior á dos exiliados e os compoñentes de Galaxia, ademais de contar cunha peripecia vital netamente diferente. Mantén contacto epistolar con todos eles, sen deixar de coñecer os conflitos¹³. A súa visión pacífica e idílica dos transterrados porteños na década central do século XX derívase da súa propia condición de emigrante, así como dunha perspectiva *culturalista*¹⁴ de Galicia, adquirida nos seus primeiros anos en Arxentina. Tampouco podemos perder de vista que relata a súa experiencia sobre eses anos na distancia (principalmente no discurso da RAG en 2001), como espectador e con base no seu intenso activismo. Reafirmase así a singularidade de Neira Vilas por vivencia (emigrante), sentimento e cronoloxía. O seu labor é unha ponte entre dúas xeracións e dous espazos.

¹⁰ “Teño moi pouca fe nos libros en galego editados na emigración. Véndense uns cantos exemplares i o resto queda depositado non se sabe onde” (Neira Vilas 2010b: 388).

¹¹ Accesible desde: <http://consellodacultura.gal/epistolarios/epistolario-con.php?a=3708&d=1374> [consulta: 17/4/2015].

¹² Trátase dun debate vixente na actualidade se reparamos por exemplo en que Fernández Pérez-San Julián (2015: 455) nos lembra que “o tecido editorial galego entre 1939-1975 non se circunscribe só ás editoras máis recoñecidas e consideradas a día de hoxe como centrais no noso panorama”, ou a reportaxe de Dopico, Montse (2016) en que se presentan as visións contrapostas sobre Galaxia de Cristina Martínez e Malores Villanueva.

¹³ Estas disensións agroman, por exemplo, nalgunhas cartas de Seoane a Fernández del Riego ou nas de Blanco Amor e por referencia indirecta nas cartas de Celso Emilio Ferreiro a Neira Vilas.

¹⁴ Formulada por Villares (2010: 32) a propósito de exiliados en América e no interior como: “Todos eran *culturalistas* no sentido de facer política desde a acción cultura e desde a salvagarda e translación ás novas xeracións do patrimonio literario, artístico e lingüístico de Galicia”.

3.2. Literatura da emigración

Máis aló do papel da emigración como sostén económico de iniciativas culturais, tamén esta investiu esforzos e medios en cultivarse. É común a emigrantes letrados, e tamén aos formados na emigración, sentiren a necesidade de narrar por escrito a súa experiencia migratoria en contos e poemas. Eses testemuños literarios están presentes nas publicacións da colectividade en tamén en libros autoeditados en imprentas americanas.

Esta é a historia de moitos libros publicados en Buenos Aires, pagados polo autor que, ás veces recatadamente, inventaba un selo editorial calquera, poñía o nome dunha casa editora que non existía, e outras, a editorial era real, verdadeira, pero igual era o autor quen paga a autoedición.

Algúns casos de clara edición de autor: *A roseira da saudade*, de Antón Zapata García; *Debezos e Pallaregas*, de Avelino Díaz; *Cantigas de nenos*, de Emilio Pita; *Contos do Miño*, de Eliseo Alonso; *Amore, arte e misticismo*, de Antón Alonso Ríos; *Muiñada noitébrega e Penas son cantares*, de Xosé Conde; *Os fidalgos de Rante*, de Alfonso Gayoso Frías; *A gaita a falare*, de Ramón Rey Baltar... (Neira Vilas 2006a: 22)

As pezas literarias de emigrantes, editadas ou autoeditadas, fan parte da chamada literatura da emigración e como indica Seoane (1968): “O tema da literatura que fagan os emigrantes ten de ser naturalmente a emigración” e engade “Na literatura da emigración o tema pártese en dúas vertentes, a lembranza de Galicia, o que se deixou, e outros países onde se viviu de emigrante e o que se vive no intre en que o escritor se expresa”. Esta mesma dicotomía temática percíbena Vilavedra e Lamas (2001: 281) que adscriben o uso da lingua galega aos relatos sobre a Galicia abandonada e o español para a narración da experiencia americana. Nese sentido o compromiso de Neira Vilas coa

súa lingua rompe con esa norma formulada, ao utilizar o galego en obras de ambas as temáticas; da segunda delas podemos destacar *Camión bretemoso* (1967), *Historias de emigrantes* (1968) ou *Remuíño de sombras* (1973).

En puridade podemos considerar como Literatura da emigración o conxunto de obra publicada fóra Galicia por autores/as que teñen a condición de emigrantes (non exiliados), sen importar en qué momento se converten en escritores/as, e que tratan na súa obra o tema da emigración ou rememoran a Galicia que deixaron atrás. O soporte de difusión desta literatura son frecuentemente os medios de expresión das colectividades emigrantes, as edicións de autor e máis raramente as obras de emigrante publicadas nas editoras do país de acollida. Para os efectos deste traballo só nos centramos naquelas obras que se vehiculan en galego. Resulta de moito interese a clasificación do corpus narrativo neiriano que realiza Vilavedra (2011: 53) entre novelas de protagonista infantil que transcorren en Galicia, novelas de protagonista adulto que transcorren en Galicia e novelas de protagonista adulto que transcorren en Arxentina, que é un intento de tipoloxizar a literatura da emigración. Considerámola como tal por estar a emigración presente en moitas das obras que se sitúan en Galicia.

4. Produción e difusión de *Memorias dun neno labrego*

4.1. Follas Novas

Unha das obras de narrativa máis destacables dese xénero de emigración é a monografía *Memorias dun neno labrego* de Xosé Neira Vilas, publicada por primeira vez na editora Follas Novas, “feira permanente do libro galego en 1961” (en palabras de Suárez Picallo, *apud*. Neira Vilas 2012: 11). Esta obra é a quinta entrega na curta andaina¹⁵ da editora, que nace

¹⁵ Estivo precedida pola edición de *Itinerario gallego* (1958) de Víctor Molinari, en tradución de Xosé Neira Vilas, no que se refire á narrativa. Esta editora tamén acollera obra poética (*Terra aluciada* de José Conde, *Esta es cuba, hermano* de Anisia Miranda e *Dende lonxe* de Xosé Neira Vilas). Despois de *Memorias*, publica *Latitud Finisterre* (1961), tamén de Víctor Molinari, que sae á luz cando Neira Vilas está xa instalado en Cuba (Neira Vilas 2010b: 317 e 320). Nótese que os autores/as son galegos emigrados coma o propio Neira ou José Conde (segundo figura na n. 16 de Neira Vilas 2014a) ou descendentes de galegos (Anisia). Nese sentido Molinari é un caso á parte, dado que representa a fusión de ambas as culturas. Lembremos que publica no circuito galicianista obras como *La herida sin tiempo* (editora Orense, 1964) o *Poemas para mi retorno* (Citania, 1957). Tamén publica en Galiza cunha certa regularidade *Canciones para la promesa cumplida* en Galaxia (1961), *La raíz en el canto* (Celta, 1964) ou a versión galega de *Itinerario gallego* (Celta, 1970) verquida por Xosé Neira Vilas e Arturo Reguera (Fernández Pérez-Sanjulián 2015: 447).

como asociación o 15 de xullo de 1957 (aniversario do pasamento de Rosalía) da man de Neira Vilas e da súa esposa Anisia Miranda. Máis aló de editar libros, pretende arrecadar libros de temática galega e, á súa vez, distribuír o libro galego en América. Esta entidade vén así cubrir unha arela percibida tamén no Madrid da época (Acuña 2014: 54). A súa intensa actividade resúmea o noso autor:

Follas Novas fixo imprimir catálogos, creou un sistema de información postal de novidades, instalou vitrinas en oito importantes sociedades galegas nas que se expoñían os libros que ían chegando. Ademais organizaba actos culturais (...) anunciaban as súas actividades nas revistas e nas emisións de radio e vendían libros nos actos públicos da colectividade (...) estableceron filiais ou núcleos de colaboradores en Santa Fe, Rosario, Mar del Plata, así como en Santiago de Chile, Montevideo, Nova York e Caracas (...) organizou a primeira exposición da prensa galega na Arxentina e tres exposicións¹⁶. Unha delas no Centro Lucense [de Bos Aires]... outra inaugurouna Luís Tobío en Montevideo, e unha terceira levouse a cabo en Caracas, coa presenza do Emilio González López e Pura Vázquez. (Neira Vilas 2001: 24-25)

Aínda que en Neira Vilas (2013: 17 e 244) se indica que a colaboración con Galaxia está no xermolo de Follas Novas, non sería esta a única entidade para a que traballou a distribuidora. Nos seus comezos a editora porteña axudaría a regularizar as contas dos subscritores porteños de Galaxia (Neira Vilas 2013: 23), malia a que Rodolfo Prada e Xosé Abraira eran os delegados de Galaxia en Bos Aires (Neira Vilas 2013: 13). Nos primeiros tempos Follas Novas recolle e distribúe o fondo das editoras

Emecé e Nova, os libros publicados por Nós, Ánxel Casal e As Burgas, varias edicións de editor, e o que nese momento estaba publicando Edicións Galicia. Nunha fase posterior (1968) incorpora a liquidación dos fondos da editorial Citania¹⁷. Mantén relación comercial con Bibliófilos Gallegos, Porto e Galaxia (Neira Vilas 2013: 21-24), e tamén con Monterrey (Neira Vilas 2008: 65) ou coa primeira época de Brais Pinto (Acuña 2014: 100)¹⁸.

A editora entra nunha segunda etapa tras a marcha de Neira e Anisia a Cuba en xuño de 1961. Esta queda en mans de Elsa Fernández co apoio económico do empresario galego Antón Represas, quen ten dúbidas sobre a súa viabilidade (Neira Vilas 2013: 31). Aínda que ralentizada, mantén a súa actividade, tanto no referido ao cobro de subscricións, no que Elsa Fernández participara en marzo de 1961 (*Ibid.* 85), como na edición de obras¹⁹. Nesta etapa é destacable a súa actividade como distribuidora de libros, ata o punto de que Galaxia solicita a inscrición no Rexistro Oficial de Exportadores con data do 10/9/1963²⁰.

Á morte de Elsa Fernández, en 1964, farase cargo da entidade o seu viúvo Alberto Cabrera (*Ibid.* 112) novamente co soporte de Represas. A traxectoria nesta etapa non é plenamente satisfactoria e en 1965 é o propio Represas quen se fai cargo dela (*Ibid.* 127) coa colaboración do enxeñeiro Díaz²¹. A partir de 1970 ficará en mans de Manuel Pedreira, emigrante galego e galeguista, membro da Irmandade Galega canda o noso autor (Neira Vilas 2013: 177). Temos dous testemuños da súa actividade en 1970. Dunha banda, a citada carta de Del Riego a Neira de 09/7/1970: “Follas Novas, agora

¹⁶ As respectivas datas de celebración son: a do Centro Lucense de Bos Aires en xullo de 1958, a de Caracas en setembro de 1959 e a de Montevideo en 1960 (Longhini 2008: 68).

¹⁷ Véxase a carta de Seoane a Del Riego do 17/7/1968 en: <http://consellodacultura.gal/epistolarios/buscador.php?busca=follas+novas> [consulta: 17/04/2015].

¹⁸ Figura máis información sobre esta entidade en Pérez Penas 2007, na entrevista a Neira Vilas de Nora Longhini 2008 e tamén na correspondencia entre Neira e Fernández del Riego (Neira Vilas 2013). Sobre o sistema de intercambio con Madrid ou con Santiago, contamos con dous testemuños, un do propio Neira Vilas (2013: 22) e, outro, do integrante de Brais Pinto, César Arias (Acuña 2014: 132-133).

¹⁹ En entrevista a Acuña (2013: 214) Neira afirma que e a editora “publicou oito ou nove libros”. Só temos noticia dos 5 anteriores a *Memorias* e, de entre os posteriores, só localizamos na biblioteca nacional arxentina o de Victor Luís Molinari, *El rumbo en la estrella* (1962).

²⁰ A primeira alusión á posible inscrición de Galaxia nese rexistro é do ano 1961 (Neira Vilas 2013: 31), aínda que a solicitude realízaa Xaime Illa Couto en setembro de 1963.

²¹ Citado na devandita carta da n. 16.

nas mans de Pedreira, anda a funcionar ben, despóis do bache sobrido [sic] na etapa de Elsa, e sobre todo do seu home”. E, doutra banda, o interese do libreiro vigués Antón Patiño (Librouro) pola actividade comercial de Follas Novas, amosado en carta a Neira. A través dos datos que este lle fornece, Patiñoponse en contacto coa entidade bonaerense e pásalles un pedido en 1970 (Neira Vilas 2014a: 112). Este percurso cronolóxico que recuperamos a través da correspondencia epistolar de Neira contrasta coas súas propias afirmacións sobre a vida da editora, pois en entrevista a Longhini (2008: 69) Neira dinos: “Elsa morreu tres anos despois, en 1964, e con ela desapareceu Follas Novas”. En todo caso, esta iniciativa constitúe un modelo de activismo cultural que se ralentiza coa saída de Neira Vilas a Cuba en 1961; se ben, durante algúns anos segue a ser a vía de distribución de libro galego en América polo menos ata 1970²². Neira tiña intención de reproducir o mesmo esquema de traballo na Habana, cunha pequena editora e distribuidora do libro galego, que levaría o nome de Pondal, mais non se deron as circunstancias porque a emigración galega a Cuba finalizara canda a crise de 1929 e carecía da vitalidade do exilio bonaerense (Neira Vilas 2013: 32).

Indo á primeira edición de *Memorias*, sabemos que tivo unha tirada de 2000 volumes e a súa acollida foi exitosa (Longhini 2008: 87), a xulgar polas palabras de Seoane (“un gran libro”). Porén a edición non se esgotou²³ malia a que 300 exemplares se distribuían en Galicia a través de Galaxia, alén dalgúns outros a pedido das librarías²⁴. Sobre o particular non contamos con máis datos cós que nos fornece a rica correspondencia de Neira Vilas coa intelectualidade galega do momento (Neira Vilas 2010b, 2013, 2014a 2014b). Así, temos constancia de que o autor, xa afinado en Cuba, remitiu o libro na súa primeira edición a

Francisco Fernández del Riego, Carballo Calero, Sebastián Martínez Risco, Leandro Carré, Aquilino Iglesias Alvariño, Ramón Otero Pedrayo, Valentín Paz Andrade, Ramón Piñeiro e Lois Tobío²⁵.

A resultas da difusión, a obra pasa a ser lectura académica, principalmente da man de Xesús Alonso Montero (e tamén despois doutros docentes como Antía Cal ou Pilar Vázquez Cuesta e tantos outros mestres anónimos). Sirvan como referencia as palabras de Mariví Villaverde na súa carta a Neira Vilas do 10/3/1967, isto é, previa á segunda edición:

Tus cuentos, especialmente unos cuantos, son para mi estupendos, sin embargo las *Memorias* tuvieron mucha mayor trascendencia. Fueron mucho más útiles, llegaron y, si cabe, ayudaron a formar a muchas gentes. Alonso Montero, me consta, le sacó jugo al máximo, por eso tu nombre está presente en las mentes de toda esa generación de jóvenes gallegos que directa o indirectamente tuvieron que ver con él. (Neira Vilas 2010b: 588)

4.2. Rúa Nova

O maxisterio de Alonso Montero ten os seus primeiros froitos en 1966 no denominado Grupo universitario Castelao de Lugo. Un dos seus integrantes, Arturo Reguera, dirixese a Neira Vilas e maniféstalle a intención que ten o grupo de publicar a segunda edición de *Memorias*, neste caso en Galiza. Vexamos como llo relata Neira a Díaz Pardo en carta do 07/10/1966:

O Grupo Universitario Castelao, que anima, ou ourenta Alonso Montero, decidiu facer unha edición popular masiva (coido que para dar aos Mestres de boa parte de Galicia) do meu libro “*Memorias dun neno labrego*”. Desta decisión tiñame informado Alonso, e onte recibín carta dun integrante do Grupo (Arturo Reguera, c/

²² A partir desta data non temos ningunha outra evidencia de Follas Novas. Temos, en cambio, noticia doutra iniciativa de intercambio de libros con Arxentina polos testemuños de Cortezón e de Estraviz que figuran en Acuña (2014: 277-278). Trátase dun proxecto capitaneado por Valentín Fernández vinculado á gravación dunha película sobre Castelao.

²³ Alonso Montero (2011: 25) indica: “Hai pouco aínda se atopaban bastantes exemplares na capital arxentina”.

²⁴ Sobre o particular temos constancia dun envío de 150 volumes a Galicia en 1961, pasado un ano Fernández del Riego dálle conta de que se venderan 64 exemplares (carta de 11/0/1962) (Neira Vilas 2013: 99).

²⁵ Figuran tamén outros envíos en Bos Aires como o realizado ao mestre exiliado Bieito Cupeiro (Neira Vilas 2014a: 62).

Soledad, 6- 2º-Lugo), moi entusiasta por certo. (Neira Vilas 2014b: carta 44)

Nesa mesma carta pídelle a Díaz Pardo que elabore unhas ilustracións para o libro e que se poña en contacto co grupo. Díaz Pardo realiza a encomenda en poucos meses. En correspondencia posterior (Neira Vilas 2014b, carta 48, do 11/3/1967), figura o nome da editora “Rúa Nova” e un novo enderezo en Santiago de Compostela. Díaz Pardo entrégalles as cinco ilustracións para o interior do libro e mais as tapas fotogравadas²⁶ e ante a falta de resposta informa a Neira de que: “De todos modos xa quedei con Alonso Montero que si teñen algún tropezo pra constituír a Editorial o fagueremos en Ediciós do Castro” (Neira Vilas 2014b, carta 50, do 18/6/1967). Tampouco recibe noticias da iniciativa Neira Vilas:

Nefeuto, non souben máis da editora “Rua nova”, nin da reedición de “Memorias...” (...) Talvez teña mediado algún imponderabel, non sei. Eu entusiasmeime coa iniciativa (e non sóio porque andivese polo meio o feito de botar a andar a editora cun libro meu, incluso con mentes de que o mesmo lle dese unha “tónica” ou axudase a definir a liña que seguirían, que como se comprende tiña que aledarme), senón pola editora en sí. En Santiago. Alentada por universitarios galeguistas Cun nome simbólico. Eu mandeilles unha longa enumeración de esperencias sobre distribución de libros, fixos, etc.etc. Unha serie de experiencias de catro anos de “follas novas” e outras ideais que veño madurecendo fai tempo arredor deste lério. Todo polo que poidera serlles de utilidade, co propósito de axudar. Pero non souben máis nada. (Neira Vilas 2014b, carta 52, do 16/7/1967)

A través dunha carta de Mariví Villaverde ao noso autor (10/3/1967) coñecemos que participa nesa empresa un fillo de Torrente Ballester (Neira Vilas 2010b: 588). Con esa pista conseguimos identificar os outros integrantes da iniciativa que son ademais de Arturo Reguera, Javier Torrente Malvido e Perfecto Conde (Conde 2010: 114). Unha consulta a

este último, sitúanos ante un prometedor proxecto de bastante entidade “unha editorial progresista que, sen desafiar directamente o poder establecido daquela pola ditadura franquista, levase ao prelo libros e documentos que a nós nos parecía que non se estaban publicando”. Confirmanos o apoio de Alonso Montero que os recomendou a figuras representativas da cultura española, “De feito chegamos a contar con contratos asinados por Alfonso Sastre e Torrente Ballester, por exemplo, comprometéndose a entregar inéditos no momento en que se puxese a andar a editorial”. O proxecto non foi viable por motivos económicos, algo que Conde lamenta porque “chegou a ter unha disposición de dereitos que contaba co millorriño dos autores españois da época” Conde Muruais (2010: 114). Mais volvamos á edición de Isaac Díaz Pardo.

4.3. Ediciós do Castro

Os traballos de edición comezan en setembro de 1967 e por diferentes vicisitudes, como que a editora estivo suspendida, o libro non viu a luz ata o 17 de maio de 1968. A segunda edición, prologada esta vez por Xesús Alonso Montero, sae á rúa con 1000 exemplares e non tarda en esgotarse, de modo que axiña se fan necesarias novas edicións con tiradas superiores (1500 en 1969, 2000 en 1971, 3000 en 1972; Neira Vilas 2014b: 310). A partir da quinta edición pasan a tiraxes de 5000 exemplares e, máis tarde, a 10 000 exemplares ata completar en 2016 a saída da 36ª edición.

As amplas tiraxes da primeira metade da década de 1970 xa a sobrancean como unha obra de forte demanda (“As túas *Memorias dun neno labrego* véndese como roscas” escribiualle Manuel María en 1971; Neira Vilas 2010b: 289). O que resulta aínda máis singular se temos se temos en conta o pobre panorama de edición que debuxa Ben-Cho-Shey en carta a Neira Vilas do 01/2/1969²⁷.

En canto ás vendas, o libro galego gaña mercado nesta etapa anterior á oficialidade, sirva

²⁶ Estas ilustracións recupéranse na máis recente tradución da obra ao esperanto realizada por Jesus Moinhos grazas á súa iniciativa e á xenerosidade da familia Díaz Pardo.

²⁷ “Iste ano pasado editáronse o pé de cincuenta libros galegos, contando cas oito reedicións feitas por Galaxia. Proba de que o número de lectores aumenta é que as edicións, que ata fai pouco tempo non pasaban dos mil exemplares, fanse agora de dous mil e do *Catecismo do labrego* non sei cantos milleiros irán vendidos” (Neira Vilas 2010b: 137).

como indicador que a caseta galega na Feira do libro de Madrid vendera en 1965 menos de 1000 exemplares e en 1969 duplicara as vendas (máis de 2000) segundo Ben-Cho-Shey (Neira Vilas 2010b: 140). A este ascenso non son alleas algunhas estratexias comerciais dos libreiros, como as de introducir unha folla co autógrafa do autor nun número limitado de exemplares de *Memorias* (cuarta edición) que se vendería na feira do libro galego (Neira Vilas 2014a: 107 e Neira Vilas 2014b: 275). Ou xestionar que se publicase un retrato literario do autor na prensa local²⁸.

A distribución destas primeiras *Memorias* galegas realízase a propia editora, a instancias da comunicación por carta entre o autor e o editor. Os envíos a pedimento do autor débúxannos xa un circuíto de relacións internacionais²⁹. Nalgúns casos estes son o xermolo de futuras traducións da obra a outras linguas.

5. Intención e interpretación de *Memorias dun neno labrego*

En consonancia coa excepcional recepción que a obra tivo, múltiples son tamén as interpretacións e crítica que recibiu. Interésanos, antes de nada, coñecer a intención do autor para poder identificar logo os valores que foi adquirindo posteriormente. Neira Vilas afirma en entrevista de Longhini (2008: 85-86):

Eu quería contar dalgunha maneira como era a vida dun rapaz campesino dos anos corenta, é dicir, da época en que eu era rapaz e traballaba no campo con meus pais e meus avós. Sentía a necesidade íntima de sacar de min aquelas vivencias. Vía que na literatura galega non se trataba o tema ou facíase de esguello, por autores que non triparan lama nin saía coller unha legoña. Deille moitas voltas ás posibles formas e decanteime por esta, do rapaz que se foi da casa e escribe nun caderno, en primeira persoa,

toda a peripecia, que con pequenas variantes é a mesma de milleiros e rapaces galegos daquela época. Así foi levedando o libro.

En entrevista aos medios confirma que a obra naceu no momento da súa “toma de conciencia” de Galicia durante a emigración en Arxentina. “Pensaba escribir un libro máis para emigrantes” (Europa Press, 25/1/2011). Estas manifestacións, así como a intensa presenza da emigración nela (Galanes 2012: 88), confirmanse como literatura da emigración, coherente coa vivencia e a traxectoria intelectual do autor³⁰, así como salientan algunhas das súas primeiras críticas (á versión española):

Niños y emigrantes pululan constantemente a lo largo de la producción del escritor. Es más: en muchos casos, el niño de Neira Vilas, niño rural, no es más que un emigrante en ciernes que se va configurando como tal desde las primeras experiencias y reflexiones, catapultado por la circunstancia, como ocurre con Balbina [sic] en las Memorias... mientras que el emigrante, a veces, no es sino el niño que ha dejado de serlo repentinamente, súbitamente huérfano, vacío, a punto de ser desbordado, en la resistencia o la derrota, vertiginosamente envejecido. La niñez es la raíz. La emigración, el peregrinaje, la conciencia y la lucha. (Fernández Freixanes 1976: 775)

O impacto que esta novela tivo no sistema literario galego pode estudarse a través da incitante crítica literaria que xerou nestes case cincuenta e cinco anos de vida a ambos os lados do Atlántico. Para coñecer a recepción da obra en Galicia, resultan de interese tanto o percurso crítico que bosquexa no seu cincuentenario Rodríguez Alonso (2011), coma os prólogos de Alonso Montero das edicións galegas (á segunda, décima e vixésima edición) e o exhaustivo estudo de Corinne Son (2001) sobre a obra.

²⁸ Como o que o libreiro vigués Antón Patiño (Librouro) lle suxire a Neira Vilas para que o publique Francisco de Pablos en *Faro de Vigo* (Neira Vilas 2014a: 107).

²⁹ Así, cóstanos que *Memorias* chega aos fondos do Patronato de Cultura Galega de Montevideo, ou a mans de Celso Emilio Ferreiro (Caracas), de Gabriel Aresti (Bilbao), de Salvador Espriu (Catalunya), de Alberto Machado da Rosa (EUA), de Josefina de Boer (Florida-EUA), de Kerstin Allroth (Suecia), de Oleg Ostrovski (Rusia), ou de Carlos Velo (México), entre outros (Neira Vilas 2014b).

³⁰ Como tamén as súas palabras na carta que escribe a Balbino con motivo do cincuentenario da 1ª edición da obra “Eu son un home de paz, xúrocho, pero sigo pensando que fixeche moi ben arrepoñéndote, e tamén fixeche moi ben aquela madrugada baixando polo baceo vello e liscando para Loxo; o certo é que fuches un emigrante, inda que o teu destino fose un lugar a onde podías chegar a pé” (Fundación Neira Vilas 2011: 14).

A través dos proemios de Alonso Montero vaise configurando o carácter de *bestseller* da obra, pois afirmase que é unha das obras máis lidas. Esta aureola recóllea a crítica Dolores Vilavedra que a cualifica como “o primeiro *best-seller* da literatura galega” (Son 2001: 177). Nos proemios preséntase a obra e o seu autor (como un apóstolo da cultura galega) e analízanse os seus valores desde unha interpretación filomarxista, como o relato dun meniño pobre con conciencia de clase (de esquerdas) no represivo ambiente da ditadura franquista. Salienta tamén a omnipresenza da aldea, o realismo, a autenticidade da narración semiautobiográfica e a súa coidadísima calidade lingüística. Indica que os seus eixes temáticos son Galicia e a infancia e sobre eles xiran os moitos acertos da obra. Explicita que a obra pertence ao realismo tradicional o que o afasta das correntes narrativas europeas experimentadas por autores galegos coetáneos e asócio á narrativa costumista tradicional de Eliseo Alonso ou Eduardo Blanco Amor. Un realismo que Axeitos (2011: 42) relaciona coa fidelidade ao figurativismo de Seoane.

Ao se tratar de prólogos elaborados en períodos distintos (1968, 1982 e 1999) estes refliten tamén unha evolución en canto ao ton, e no último deles chega a cualificar a Balbino como “un rapaz enxebre e, intuitivamente, de esquerdas”. Na parte final dos prólogos inclúe sempre un exhaustivo listado de información bibliográfica (activa e pasiva) que edición a edición vai ampliando. O esencial da súa interpretación sobre a obra recóllese en Muleiro (2013: 17-19) no que se sobrancea a novela como unha narración dun rapaz con conciencia de clase.

A crítica da posterior da obra debrúzase sobre tres cuestións clave para a interpretación da novela: o seu suposto carácter autobiográfico, a súa adscripción ao xénero da literatura infantil e xuvenil e o carácter máis ou menos innovador da narrativa do autor.

As dúas primeiras cuestións foron desbotadas polo autor e hoxe considérase, de acordo cos prólogos de Alonso Montero, que é unha novela semiautobiográfica, a dun rapaz de aldea con conciencia de clase. Sobre a segunda cuestión, Corinne Son (2001: 33-44) identifica algúns trazos formais e de contido que poderían adscribir a obra á LIX mais conclúe que é unha obra de público variado “lectores niños y lectores adultos” (Son 2001: 143). Con todo,

non queremos deixar de salientar que esa interpretación como LIX tamén ten a súa orixe na edición galega da obra de 1968. O autor, alentado pola idea de Rúa Nova de realizar unha edición masiva e popular para o ámbito do ensino, orienta esta edición cara a ese sector.

As innovacións que se introducen para iso son tres significativos elementos. Dunha banda, figura un prólogo de Alonso Montero de tipo didáctico en que se pregunta quen é o autor, que é a obra e presenta a bibliografía sobre ela. Doutra, destaca a inclusión dunha dedicatoria (A tódolos nenos que falan galego) que non figuraba na primeira edición e que se inclúe a partir de aí en todas as edicións en galego mais non sempre nas traducións. Sirva de exemplo que a edición cubana de *Memorias* en español de 1977, non inclúe esta dedicatoria, senón que Ila dedica “A Anisisia” malia a que nese mesmo momento está a venderse na península como obra de LIX.

Por último, tamén é moi significativo que se deseñen novas ilustracións, non só para a cuberta, senón tamén outras 5 ilustracións para o interior do libro, nun afán de gañar lectores novos para a obra. Na crítica non faltan voces que a interpretan como LIX (entre outros, Roig Rechou 2008 e 2007), aínda que a máis recente análise de Roig Rechou (2011: 11) xa a presenta como antecedente da denominada narrativa de fronteira. A parecida conclusión sobre a súa dobre lectura do libro chega tamén Vilavedra (2011: 50), que considera que a obra é un *bildungsroman* (ou novela iniciática ou de aprendizaxe).

No tocante á adscripción xeracional do seu autor, poucas son as voces que o inclúen entre a nova narrativa e, en todo caso, se o fan é chamando a atención sobre as súas singularidades respecto desa corrente (Son 2001: 52-54). Un dos argumentos a favor da súa conexión coa xeración Nós, concretamente con Castelao, é tanto a súa precisa técnica narrativa coma o tratamento do tema da emigración (*Ibid.* 145).

A dicotomía entre innovación e tradición establécese porque a obra presenta un forte contraste entre unha técnica narrativa innovadora (ao deixar de lado o narrador omnisciente) e unha temática tradicional da realidade galega (Roig Rechou 2008: 160). En opinión de Vilavedra (2011: 54), a principal innovación da obra de Neira Vilas, á vista de toda a súa narrativa, é “a súa capacidade para manexar un amplo abano de rexistros modalizadores,

sempre na procura do máis axeitado para os obxectivos literarios que en cada momento pretendía conseguir”.

En definitiva, a interpretación de *Memorias* evoluciona do mesmo xeito que o fai o lector de cada época e o propio país. A formulación inicial, ademais da interpretación en clave de emigración en América, é a dunha novela realista que presenta con perspectiva crítica os problemas dunha sociedade atrasada económica e culturalmente (emigración, relixiosidade, represión lingüística etc.). Posteriormente atribúeselle un carácter simbólico, el símbolo da rebelión ante a inxustiza. Máis tarde reinterpreta-se coma o símbolo dunha Galiza tradicional xa desaparecida, isto é, desde unha perspectiva antropolóxica (Dobarro 2013: 75). E certamente hoxe é un documento histórico narrado a través da voz dun protagonista xuvenil co grao suficiente de madurez para arrepoñerse a unha situación inxusta nun conflito de clase. Alude a temas universais (inxustiza, pobreza e desigualdade) desde un acertado retrato psicolóxico, recoñecible para quen foi mozo/a, apelando á súa sensibilidade na resolución da situación.

Este completo abano de temas, os valores que transmite e o seu tratamento innovador e a calidade da narración fan dela un produto atractivo para calquera lector/a, do que é boa mostra o opúsculo conmemorativo do seu cincuentenario (Fundación Neira Vilas 2011). Pero foi escrita especialmente para os emigrantes porque “los retrotrae a sus orígenes, a sus penas, alegrías y trabajos, a sus juegos e ilusiones infantiles, a sus caminos, paisajes, canciones. Todo aquello que dejaron y echan de menos” (Son 2001: 134), como era a intención inicial de Neira Vilas.

7. Referencias bibliográficas

- Acuña, Ana (2013): “Neira Vilas. Escritor e académico”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 16, pp. 211-222.
- (2014): *Conciencia política e literatura galega en Madrid (1950-2000)*. Vigo: Xerais.
- Alonso Montero, Xesús (1972): “Quen é Neira Vilas: esquema en dez tempos”, en X. Neira Vilas, *Memorias dun neno labrego*. Sada: Edicións do Castro (5ª edición), pp. 11-22.
- (1995): *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2011): “Significado e impacto das *Memorias dun neno labrego* entre 1968 e 1975”, en J. L. Aldrey Vázquez e L. Fernández Ríos (coords.), *Da Galicia de Balbino á Galicia de hoxe: Memorias dun neno labrego, 50 aniversario*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra, pp. 25-30.
- Axeitos, Xosé Luis (1999): “El exilio gallego sesenta años después”, *Insula: revista de letras y ciencias humanas* 627, pp. 8-11.

6. Conclusións

Memorias dun neno labrego é una obra singular na literatura galega pola súa extensa difusión. Pescudar sobre como viron a luz as primeiras edicións permítenos xustificar que se trate dunha obra da emigración e verificar que propositadamente se orientou despois ao ámbito escolar. Como consecuencia de ser escollida para acompañar a introdución da lingua no sistema educativo, o seu volume de vendas aumentou exponencialmente, polo que a crítica considerou que era a obra máis vendida ou *bestseller* da literatura galega.

A distancia que nos ofrecen os 55 anos que a obra cumpriu en 2016, déixanos apreciála desde unha perspectiva máis ampla. O feito de que a obra siga sendo editada, e de que a crítica considere que pode ser lida por adultos e cativos, engádenlle valor e fai que aumente o seu capital simbólico. Presenta ademais un abano de valores universais e temas que fan dela unha obra de múltiples lecturas, segundo a competencia do lector/a. Ademais, eses valores son obxecto de reinterpretación, e esta evoluciona cos tempos como vimos no apartado sobre a súa recepción. Os seus contextos, que xa non se corresponden coa realidade, contéplanse agora desde un punto de vista antropolóxico. Todas estas características singularizan a obra coma un *longseller*.

No camiño fomos identificando e estudando os actantes e condicións que contribuíron na construción do *longseller*; como a cultura emigrante e do exilio, Anisia Miranda, a editora porteña Follas Novas, Luis Seoane, Elsa Fernández, o grupo universitario Castelao, a nonnata editora Rúa Nova, Isaac Díaz Pardo, Edicións do Castro, os proemios de Alonso Montero, o estudo de Corinne Son etc.

- (2011): “Perfil intelectual e humano de Neira Vilas”, en J. L. Aldrey Vázquez e L. Fernández Ríos (coords.), *Da Galicia de Balbino á Galicia de hoxe: Memorias dun neno labrego, 50 aniversario*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra, pp. 31-45.
- Conde Muruais, Perfecto (2010): “A década prodixiosa”, en R. Gurriarán (coord.), *1968 en Compostela: 16 testemuñas*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 113-130.
- Costa Rico, Antón (2004): *Historia da educación e da cultura en Galicia*. Vigo: Xerais.
- Dobarro Paz, Xosé (2013): “As memorias para un neno de cidade”, en A. Muleiro (coord.), *Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino*. Vigo: Ir Indo.
- Dopico, Montse (2016): “Galaxia vs. Galaxia. A construción da hexemonía cultural”, *Luzes* 27, xaneiro, pp. 80-85.
- Fernández, Elsa (1965): *Lonxanías* (Introdución de Basilio Losada Castro). Bos Aires: Alén Mar, pp. 13-17.
- Fernández Freixanes, Víctor (1976): “En la distancia. Xosé Neira Vilas”, *Cuadernos Hispanoamericanos* 312, pp. 774-777.
- Fernández Pérez-Sanjulián, Carme (2015): “Unha achega á historia da edición en Galiza: Lugo nos anos do franquismo”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 18, pp. 443-456.
- Fernández Rodríguez, Áurea (2014): “Los exiliados gallegos de la II República. Grandes aportaciones pero escasa visibilidad”, *Cuadernos Hispanoamericanos* 768, pp. 20-42.
- Franco, Camilo (2008): “Francisco Porrúa: Nunca fixen estudos de mercado e nunca sentín saudade”, en J. Cortázar e A. Bernárdez, *Un (re)encuentro con Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 77-82.
- Fundación Neira Vilas (2011): *Querido Balbino. 1961-2011 Cincuenta anos de Memorias dun neno labrego*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Galanes Santos, Iolanda (2012): “La literatura de la emigración gallega en América: impacto cultural y traducción”, en F. Lafarga e L. Pegenaute (eds.), *Lengua, Cultura y política en la Historia de la traducción en Hispanoamérica*. Vigo: Academia del Hispanismo, pp. 83-92.
- Gerhardt, Federico (2015): “Asociacionismo gallego y mercado del libro en la Buenos Aires del medio siglo: dos proyectos editoriales de Luís Seoane”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 18, 457-467.
- Longhini, Nora (2008): *Neira Vilas. Os anos da Arxentina (1949-1961)*. Vigo: Galaxia.
- López de Abiada, José Luis (1996): “Entre el ocio y el negocio. Para una pragmática del best-séller”, en J. L. López de Abiada e J. Peñate Rivero (eds.), *Éxito de ventas y calidad literaria. Incursiones en las teorías y prácticas del best-séller*. Madrid: Ed. Verbum, pp. 15-52.
- López Molina, Luis (1996): “Análisis de *La piel del tambor* desde las “teorías y prácticas” del best-séller”, en J. L. López de Abiada e J. Peñate Rivero (eds.), *Éxito de ventas y calidad literaria. Incursiones en las teorías y prácticas del best-séller*. Madrid: Ed. Verbum, pp. 95-104.
- Neira Vilas, Xosé (1995): *Memoria da emigración. Rolda II*. Sada: Edición do Castro.
- (2001): *A cultura galega en Buenos Aires: 1950-1960*. A Coruña: Real Academia Galega.
- (2006a): *Prosas varias*. Ourense: Fundación Ramón Otero Pedrayo.
- (2006b): “O exilio galego na Arxentina”, en X. M. Núñez Seixas e P. Cagiao (eds.), *O exilio galego de 1936: Política, Sociedade, Itinerarios*. Sada / Santiago de Compostela: Edición do Castro / Consello da Cultura Galega, pp. 123-131.
- (2008): “Lembranza persoal de Xosé María Álvarez Blázquez”, *Grial: revista galega de cultura* 178, pp. 65-69.
- (2010a): *Presenza galega en Cuba*. Vigo: Xerais.
- (2010b): *Cartas de vellos amigos. 1959-1998* (Edición, introdución e notas de Dolores Vilavedra). Vigo: Galaxia.
- (2012): *Correspondencia de Xosé Neira Vilas con Valentín Paz-Andrade e Celso Emilio Ferreiro*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Col. Cadernos Ramón Piñeiro).
- (2013): *Cartas e lembranzas. Epistolario con Francisco Fernández del Riego. 1959-2007*. Vigo: Galaxia.
- (2014a): *Epistolario diverso*. Ferrol: Edicións Embora.
- (2014b): *Isaac Díaz Pardo. Crónica dunha fecunda amizade*. Ferrol: Edicións Embora.
- Pérez Pena, Marcos S. (2007): “50 anos de Follas Novas. Unha historia do libro galego nas Américas”, *Grial: revista galega de cultura* 176, pp. 104-107.

- Pérez Rodríguez, María Antonia (2015): “Edicións do Castro e Editorial Cuco-Rei (1939-1975)”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 18, pp. 495-508.
- Rodríguez Alonso, Manuel (2011): “Relectura dun clásico. *Memorias dun neno labrego*. Xosé Neira Vilas”, no blog *Bouvard et Pécuchet* 20/11/2011 (<http://bouvard.blogaliza.org/2011/11/20/relectura-dun-clasico/>).
- Rodríguez Fer, Claudio (2008): *Borges dende o labirinto galego*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Roig Rechou, Blanca-Ana; María Jesús Agra Pardiñas, Isabel Mociño González, Marta Neira Rodríguez e Teresa Sixto (2007): “Producción canonizada na literatura infantil e xuvenil galega [1960-1985]”, en J. A. Gómez e B.-A. Roig Rechou (coords.), *Grandes autores para Pequenos Leitores*. Porto: Editorial Deriva, pp. 53-94.
- (2008): “*Memorias dun neno labrego* y la obra de Xosé Neira Vilas”, en A. Pelegrín, M. V. Sotomayor e A. Urdiales, *Pequeña memoria recobrada. Libros infantiles del exilio del 39*. Madrid: Ministerio de Educación, Política Social e Deporte.
- (2011): “Dúas periferias: Literatura Infantil e Xuvenil e Crítica Literaria. Unha reivindicación cara á saída delas”, en *II Xornada da crítica galega. A crítica e a literatura infantil e xuvenil*. Vigo: Asociación de Escritores en Lingua Galega, pp. 11-13.
- Seoane, Luís (1975² [1968]): “Prólogo”, en X. Neira Vilas, *Historias de emigrantes*. Sada: Edicións do Castro, pp. 11-16.
- Salgado, Fernando (2008): “Un escritor destetado entre exiliados galegos”, en J. Cortázar e A. Bernárdez, *Un (re)encuentro con Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 13-31.
- Son, Corinne (2001): *Xosé Neira Vilas y Memorias dun neno labrego: acercamiento a la novela gallega más popular de la segunda mitad del siglo XX*. Sada: Edicións do Castro.
- Vilavedra, Dolores e María Xesús Lama (2001): “La emigración a la Argentina en la literatura gallega”, en X. M. Núñez Seixas (ed.), *La Galicia austral: la inmigración gallega en la Argentina*. Bos Aires: Biblos, pp. 279-302.
- Vilavedra, Dolores (2011): “De Balbino a hoxe: Neira Vilas e a narrativa galega contemporánea”, en J. L. Aldrey Vázquez e L. Fernández Ríos (coords.), *Da Galicia de Balbino á Galicia de hoxe: Memorias dun neno labrego, 50 aniversario*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra, pp. 47-57.
- Villanueva Gesteira, María Dolores (2015): “O exilio e a emigración na base da Editorial Galaxia dende a súa creación ata a década dos sesenta. O caso de Arxentina e Uruguai”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 18, pp. 529-537.
- Villares, Ramón (2010): “Heroes calados. A relacións de Luís Seoane con galeguistas do interior, 1946-1960”, *Grial: revista galega de cultura* 186, pp. 19-33.